

ORIGINAL POEM

by Chus Pato

No mes de outubro comprobei
a vibración insuperable das ás dun colibrí
Na raia entre novembro e decembro
cruzouseme nos ollos o azul magnético do Martiño peixeiro
o antergo alción dos gregos
e aínda tiven a fortuna de sentir
como partía as augas do regato a maior das velocidades
Onte observei unha curuxa alzando o voo
desde unha das árbores próximas
se cadra unha avidueira
voaba como un tule de maxestade e algo tímida
a sensación foi estar en presenza de Afrodita
Ao alisar unha saba para pasarlle o ferro
souben que toda a nosa vida
desde o berce á cova transcorre envolta en lenzos
cando o alento é o derradeiro e se expande no éter
as teas voan ao seu redor
acompañano na súa marcha e absolución
por esta razón podemos pensar
Vallejo escribiu un poema no que fala das pirámides 3 3 3
nel non hai comparecencia de aves
lemos
*es el tiempo este anuncio de gran zapatería
de la muerte hacia la muerte*
ao pasar a páxina
el tiempo tiene un miedo ciempiés a los relojes
O ceo que nos cubre
cando estamos na presenza dunha deusa
e asistimos ao alzarse da curuxa é callado de estrelas
contemplámolo con retardo
Tres, a serpe apréndenos a mudar de pel
Tres, a serpe apréndenos
que morder unha mazá é comprender as leis do discurso
Tres, Adán coñecía os signos
na súa boca xiraban baleiros como xira en bucle o tempo
A nosa vida é unha imaxe
o voo branco e lixeiro, as tebras mestas
medimos a potencia da noite
por esta causa podemos

BRIDGE TRANSLATION

By Erín Moure

In the month of October I felt
the inimitable vibration of the wings of a hummingbird
On the line between November and December
my eyes met with the magnetic blue of the kingfisher
the ancestor *halcyon* of the Greeks
and I was even lucky enough to experience
how it parted the creek waters at the highest of speeds
Yesterday I observed a barn owl rising in flight
from one of the trees nearby
perhaps a birch
it flew with the majesty of tulle and somewhat shy
the sensation was of being in the presence of Aphrodite
While spreading a bedsheet to iron it
I realized that our entire life
from cradle to grave takes place wrapped in linens
when the last breath expands into the ether
textiles fly alongside it
they accompany it in its departure and absolution
that's why we can think
Vallejo wrote a poem in which he spoke of pyramids 3 3 3
in it no birds make an appearance
we read
es el tiempo este anuncio de gran zapatería
de la muerte hacia la muerte
in turning the page
el tiempo tiene un miedo ciempiés a los relojes
The sky that covers us
when we are in the presence of a goddess
and we realize as the barn owl flies up it's thick with stars
we contemplate it in delay
Three, the serpent teaches us to change skin
Three, the serpent teaches us
that to bite an apple is to comprehend the laws of discourse
Three, Adam knew the signs
in his mouth voids were spinning just as time spins in a loop
Our life is an image
flight clear and light, darkness thick-heavy
we measure the power of night
for this reason we can